

TEMA 3: PERSOAL DOCENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

I. CATEGORÍAS

Empezar falando da súa natureza: 2 grandes sistemas

a)anglosaxón: profesorado é contratado, polo carácter autónomo das universidades e como unha das garantías da liberdade de cátedra

b)francés: polo influxo da concepción funcional derivada do sistema burocrático que domina a administración española como veíamos no primeiro tema.

Dende o S.XIX ata a LOU, optouse por un sistema preferentemente funcional e só con carácter residual se admitía o persoal docente contratado.Incluso na anterior Lei de Reforma Universitaria establecíase unha limitación porcentual á contratación administrativa de certas figuras de persoal docente.

O certo é que na práctica proliferou de tal xeito a contratación administrativa de persoal docente nas Universidades, que a LOU de 2001 consagra o recoñecemento dunha cuasi parificación no seu a. 48 ó establecer que o total do persoal docente e investigador contratado non poderá supera-lo 49% do persoal docente e investigador na Universidade.

Polo que atinxe ó réxime xurídico, é dicir o conxunto de normas que regulan o profesorado:

a) Sobre os funcionarios establece o a. 56.2 da LOU:

“El profesorado universitario funcionario se regirá por la presente Ley y sus disposiciones de desarrollo, por la legislación general de funcionarios que le sea de aplicación y por los Estatutos.”

b)Sobre o profesorado contratado di o 48.1:

“En los términos de la presente Ley y, en el marco de sus competencias, las Comunidades Autónomas establecerán el régimen del personal docente e investigador contratado de las Universidades.”

Chama por tanto a atención a omisión da referencia á normativa autonómica na enunciación do réxime xurídico do profesorado funcionario: esto se debe á reiterada doutrina establecida polo Tribunal Constitucional que establece que o profesorado universitario funcionario é un Corpo nacional, formado por funcionarios comunicables entre as distintas Universidades españolas , polo que non cabe establecer unha normativa propia de cada Comunidade Autónoma.

Polo que se refire ó persoal contratado, a grande novidade respecto a anterior lei, é que deixa de ser contratado pola modalidade administrativa, que só busca protexe-lo interese xeral que representa a Administración pública e pasa a ser regulado polas normas laborais que tratan de protexer ó traballador na súa relación laboral.

Pois ben, centrándonos no persoal docente e investigador funcionario, a LOU distingue dentro del ó abeiro do a 56.1 da LOU:

“El profesorado universitario funcionario pertenecerá a los siguientes cuerpos docentes:

- a) Catedráticos de Universidad.*
- b) Profesores Titulares de Universidad.*
- c) Catedráticos de Escuelas Universitarias.*
- d) Profesores Titulares de Escuelas Universitarias.*

Los Catedráticos y Profesores Titulares de Universidad tendrán plena capacidad docente e investigadora.

Los Catedráticos y Profesores Titulares de Escuelas Universitarias tendrán plena capacidad docente y, cuando se hallen en posesión del título de Doctor, también plena capacidad investigadora.”

No tocante ás modalidades de persoal docente e investigador contratado, como nunha especie de decantación sucesiva, o Regulamento de profesorado da Universidade de Vigo nos seus aa. 4 a 13 vai recollendo as prescricións da LOU, as do Decreto 266/2002, sobre contratación de persoal docente e investigador contratado dictado pola Xunta no ámbito das súas competencias e os Estatutos desta Universidade en virtude do seu principio de autonomía Universitaria. E así:

1. Profesorado axudante: a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables, entre os que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente, orientada a completar a súa formación científica e unha colaboración docente nos seus departamentos que non diminúa ou impida a súa investigación e formación. Esta colaboración será fundamentalmente práctica e súa dedicación non poderá superar a metade da que lle corresponda a un profesor a tempo completo, e deberá figurar nos plans de organización docente dos departamentos correspondentes.
2. Profesorado Axudante Doctor: a tempo completo, por unha duración non superior a catro anos improrrogables, entre doutores/as que cumpran os requisitos esixidos na lexislación vixente. Este profesorado terá unha dedicación á docencia igual á do profesorado a tempo completo e figurará nos plans de organización docente dos departamentos correspondentes.
3. Profesorado colaborador: Nas áreas de coñecemento que o goberno estableza (Anexo VI do Decreto 774/2002 sobre habilitación nacional), a Universidade de

Vigo poderá contratar, mediante concurso-oposición, con adicación a tempo completo ou a tempo parcial entre titulados/as universitarios avaliados positivamente nos termos establecidos na lexislación vixente.

4. Profesorado contratado doctor: A Universidade de Vigo poderá contratar, mediante concurso de acceso, profesorado contratado doutor entre doutores/as que acrediten polo menos tres anos de actividade docente e investigadora, ou prioritariamente investigadora, posdoutoral. Este profesorado poderá desenvolver as súas tarefas docentes e investigadoras con dedicación a tempo completo ou a tempo parcial. O profesorado contratado doutor a tempo completo poderá ser contratado con carácter fixo pola universidade. O profesorado contratado doutor terá os mesmos dereitos e obrigas que o profesorado pertencente aos corpos docentes universitarios, agás os que a lexislación vixente reserva a estes últimos.
5. Profesorado asociado: poderá ser contratado, a tempo parcial, entre especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra da universidade. Será contratado con carácter temporal por un período máximo de dous anos, sendo posible a súa continuidade, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación respecto ao réxime laboral e da Seguridade Social e na restante normativa que sexa de aplicación. Nas áreas relacionadas coas ciencias da saúde, aplicarase a duración dos contratos do profesorado asociado prevista polos concertos entre a universidade e as institucións sanitarias.
6. Profesorado visitante: contratado por un período máximo de dous anos, improrrogables, e con dedicación a tempo completo ou parcial entre profesores/as ou investigadores/as de recoñecido prestixio doutras universidades ou centros de investigación, para desenvolveren actividades docentes e investigadoras.

7. Profesorado emérito: entre aqueles funcionarios/as xubilados dos corpos docentes universitarios que prestasen destacados servizos docentes e investigadores á universidade, vinculado á universidade por medio dunha relación contractual de dous anos de duración, anovables por outros dous. Excepcionalmente e nos termos que estableza o Consello de Goberno, o período de contratación podería anovarse ata un total global de dez anos. O profesorado emérito terá dereito a colaborar coa universidade na dirección das tarefas de investigación e na docencia correspondente a programas de posgrao e de doutoramento.

8. Lectores/as: a Universidade de Vigo poderá contratar temporalmente en réxime laboral lectores/as nos departamentos correspondentes ás áreas de coñecemento das linguas modernas e estranxeiras. As súas condicións contractuais serán fixadas no convenio colectivo.

9. Profesorado Interino: se poderá contratar profesorado interino:
 - a) Para cubrir as prazas que correspondan aos corpos docentes universitarios, así como as prazas de persoal contratado fixo ou temporal en tanto se produce a súa cobertura definitiva polo procedemento legalmente establecido.
 - b) Por circunstancias sobrevidas, de carácter extraordinario ou suspensión temporal da actividade dun profesor(a).

Asemade, os Estatutos da Universidade de Vigo, en virtude da súa autonomía admíten no seu a. 83. 1.

“c) Persoal investigador contratado: doutores seleccionados mediante convocatoria pública.

d) A Universidade de Vigo poderá contratar por obra ou servizo determinado persoal docente, investigador, técnico ou outro persoal.”

II. HABILITACIÓN¹

O novo procedemento de provisión de prazas do persoal docente e investigador funcionario establecido pola LOU consta de dúas fases: a obtención previa dunha “habilitación nacional” e a posterior obtención da praza no posterior concurso de acceso ó Corpo correspondente a celebrar na Universidade convocante.

Así, polo que se refire ó sistema de habilitación nacional previa o a. 57 establece: *“Ésta vendrá definida por la categoría del cuerpo y el área de conocimiento. El Gobierno regulará el sistema de habilitación, previo informe del Consejo de Coordinación Universitaria.”*, cousa que fai aquel no Real Decreto 774/2002, modificado polo Real Decreto 338/2005.

Polo que atinxe ó seu procedemento, ó abeiro do a. 62 da LOU hanse de dar tres pasos previos antes de chegar á convocatoria das probas de selección:

Primeiro: as Universidades públicas, do xeito que establezan os seus Estatutos atendendo ás súas necesidades docentes e investigadoras, acordarán as prazas que serán provistas mediante concurso de acceso entre habilitados.

Así, ó abeiro do a. 88, apdos 1 e 2 dos Estatutos da Universidade de Vigo:

“1. A Universidade de Vigo levará a cabo a elaboración e actualización, en cada novo curso académico, dos cadros de profesorado por áreas de coñecemento e por campus, segundo a docencia que as áreas teñan asignadas nas titulacións impartidas na universidade, e nos programas de doutoramento, así como as exencións ou reducións que lle poidan corresponder ao seu profesorado. Na

¹ Os epígrafes Habilitación e Selección de profesorado funcionario siguen a obra “La nueva regulación de Universidades. Comentarios y análisis sistemático de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre de Universidades” de José María Souvirón Morenilla e Fernando Palencia Herrejón, Ed. Comares, Granada, 2002.

cuantificación da docencia que se imparte en cada titulación, procurarase que os grupos docentes de teoría e práctica teñan un tamaño que facilite a aprendizaxe dos estudantes.

2. O Consello de Goberno establecerá anualmente no estado de gastos do orzamento a relación de postos de traballo do seu profesorado, na que se relacionarán, debidamente clasificadas, todas as prazas de profesorado, incluíndo o persoal docente e investigador contratado.”

Segundo: determinadas as prazas polas Universidades, éstas as comunicarán á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria do xeito en os prazos que estableza o Goberno e así o R.D. 774/2002 no seu a. 2 establece que as Universidades efectuará na devandita comunicación en documento coma o que figuran o Anexo I do Real Decreto, antes do dez de maio de cada ano.

Terceiro: recibida-las anteriores comunicacións a Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria, prodederá a sinalar o numero da habilitacións que serán obxecto de convocatoria en cada unha das áreas de coñecemento, que tal como pormenoriza o RD. 774/2002 estará en función non só do número de prazas comunicadas, como establece a LOU, senón tamén a existencia de vacantes resultantes de concursos de acceso, a existencia de habilitados que non ocupen praza, os concursos de acceso cubiertos por profesores funcionarios, o número de profesores de cada área e categoría e calquera outros criterios relevantes do proceso.

Superados estes trámites previos, a execución do procedemento contido na LOU e o RD. De habilitación nacional é o seguinte:

O Consello de Coordinación Universitaria efectuará a convocatoria das probas, que será anual e ordenará a súa publicación no B.O.E.

As probas de habilitación serán públicas, cada unha delas eliminatoria e serán xulgadas por Comisións compostas de sete profesores da área de coñecemento correspondente, ou, no seu caso, afíns, elixidos por sorteo público realizado polo Consello de Coordinación Universitaria. Actuará coma Presidente da Comisión o Catedrático de Universidade mais antigo, ou uno seu caso, o Profesor Titular de Universidade ou Catedrático de Escolas Universitarias mais antigo. Todo seles han de pertencer ó Corpo de Funcionarios docentes universitarios da habilitación de que se trate ou a outros de igual ou superior categoría.

As Comisións que han de resolve-as probas de habilitación estarán constituídas por membros titulares e suplentes de la siguiente forma:

- a) Para Profesores Titulares de Escuelas Universitarias, por dous Catedráticos de Universidade, dous Profesores Titulares de Universidade ou Catedráticos de Escolas Universitarias y tres Profesores Titulares de Escolas Universitarias.
- b) Para Catedráticos de Escolas Universitarias e Profesores Titulares de Universidade, por tres Catedráticos de Universidade e catro Profesores Titulares de Universidade ou Catedráticos de Escolas Universitarias con título de Doctor.
- c) Para Catedráticos de Universidade, por sete Catedráticos de Universidade.

Asemade, para formar parte da Comisión de habilitación, os Profesores Titulares de Universidade, Catedráticos de Escolas Universitaria se Profesores Titulares de Escolas Universitarias, haberán de ter un período de actividade investigadora avaliado favorablemente de conformidade co previsto no R.D. 1086/1989 ou norma que o substitúa. No caso dos Catedráticos de Universidade haberán de ter 2 periodos de acrividade investigadora.

Optativamente, segundo o a 57.4 un dos membros destas Comisións poderá ser funcionario científico e investigador pertencentes ás Escalas do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Polo que se refire propiamente ás probas de habilitación, o a. 58 da LOU regula a habilitación para os Corpos de Profesores Titulares de Escolas Universitarias, o 59 para os Profesores Titulares de Universidade e de Catedráticos de Escolas Universitarias e o 60 para os Catedráticos, establecendo a restricción de que só poderán convocarse probas de habilitación a estes Corpos naquelas areas de coñecemento que estableza o Goberno, previo informe do Consello de Coordinación Universitaria (o cal fixo no R.D. 774/2002, Anexo III²).

Os requisitos establecidos pola LOU para poder concorrer ás probas de habilitacións son a posesión do correspondente Título Universitario Oficial e con validez en todo o territorio nacional ademais do Título de Doutor coa única excepción do suposto de Profesores Titulares de Escolas Universitarias para os que bastara con estar en posesión do Título de Licenciado, Arquitecto ou Enxeñeiro e incluso o de Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico naquelas áreas de coñecemento que estableza o Goberno previo informe do Consello de Coordinación Universitaria, é dicir, o Anexo IV do R.D. 774/2002.

Para os Catedráticos de Universidade, esíxese ademais da Titulación de Doutor, a pertenza ó Corpo de Profesores Titulares de Universidade ou o de Catedráticos de Escolas Universitarias con tres anos de antigüidade ou quen sen cumprir os requisitos anteriores, acrediten ter a condición de Doutor con alomenos oito anos de antigüidade e obteñan informe positivo da súa actividade docente e

² El R.D. 338/2005 segundo a súa propia Exposición de Motivos” incorpora las previsiones necesarias para dar cumplimiento a las sentencias estimatorias dictadas por la Sala Tercera del Tribunal Supremo, el 19 de abril y el 20 de octubre de 2004, recaídas en los recursos contencioso-administrativos interpuestos, respectivamente, por el Consejo Superior de Colegios de la Ingeniería Técnica Minera y por el Consejo General de Colegios Oficiales de Peritos e Ingenieros Técnicos Industriales contra el Real Decreto 774/2002, de 26 de julio.

Los fallos contenidos en ambas sentencias declaran, respectivamente, la nulidad de pleno derecho de los anexos IV y VI y la de los artículos 3.4, en relación con el anexo III, y 5.1.a), en relación con el anexo IV, del real decreto recurrido. Se concluye, por tanto, que para la recta ejecución de las citadas sentencias procede la supresión de los anexos III, IV y VI del Real Decreto 774/2002, de 26 de julio.”

investigadora por parte da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

Quen cumpra estes requisitos, haberá de superar as seguintes probas:

- a) Profesores Titulares de Escolas Universitarias: *“La habilitación constará de dos pruebas. La primera consistirá en la presentación y discusión con la Comisión de los méritos e historial académico, docente e investigador del candidato, así como de su proyecto docente, que incluirá el programa de una de las materias o especialidades del área de conocimiento de que se trate. La segunda consistirá en la exposición y debate con la Comisión de un tema del programa presentado por el candidato y elegido por éste, de entre tres sacados a sorteo.”* (58.2 da LOU)
- b) Profesores Titulares de Universidade e Catedráticos de Escolas Universitarias: *“La habilitación constará de tres pruebas. La primera consistirá en la presentación y discusión con la Comisión de los méritos e historial académico, docente e investigador del candidato, así como de su proyecto docente e investigador, que incluirá el programa de una de las materias o especialidades del área de conocimiento de que se trate. La segunda consistirá en la exposición y debate con la Comisión de un tema del programa presentado por el candidato y elegido por éste, de entre tres sacados a sorteo. La tercera prueba consistirá en la exposición y debate con la Comisión de un trabajo original de investigación”.* (59.2 da LOU)
- c) Catedráticos de Universidade: *“La habilitación constará de dos pruebas. La primera consistirá en la presentación y discusión con la Comisión de los méritos e historial académico, docente e investigador del candidato. La segunda, en la presentación ante la Comisión y debate con ésta de un trabajo original de investigación”.* (60.2 da LOU)

Finalizadas as probas, a Comisión elevará as correspondentes propostas vinculantes, e motivadas (tal como esixe o R.D. 774/2002) ó Consello de Coordinación Universitaria a través do seu Presidente, como precisa o R.D. de

Habilitación Nacional. O Consello procederá entón á habilitación dos candidatos no xeito estritamente regulado no devandito R.D., tendo en conta que aquelas non poderán propor un número de candidatos maior que o número de habilitacións sinaladas en cada convocatoria, aínda que si un número inferior ou incluso a non habilitación de candidato algún.

Contra as propostas da Comisión, poderá presentarse perante o Consello de Coordinación Universitaria reclamación, que tal como especifica o RD de Habilitación Nacional, se interporá no prazo de 10 días trala publicación no BOE das habilitacións. Esta reclamación non paraliza as propostas nin concursos de acceso ás Universidades.

Unha Comisión formada por sete Catedráticos de Universidade, de diversas áreas de coñecemento, con ampla experiencia docente e investigadora, designados polo Consello de Coordinación Universitaria e presidida polo Catedrático de Universidade membro da mesma mais antigo, examinará o expediente relativo á proba de habilitación para velar polas garantías que establece o apdo. 1 do artigo 64 da LOU-igualdade, mérito e capacidade.

A resolución da devandita Comisión ratificará ou non a proposta reclamada nun prazo máximo de tres meses (art. 66. 1 da LOU). No caso de non ratificación, ó abeiro do a. 12 do RD 774/2002, retrotraerase o expediente ata o intre no tivo lugar o vicio, debendo a Comisión de Habilitación formular nova proposta. A resolución do Consello de Coordinación Universitaria (do seu Presidente, vencellado pola Comisión de Reclamacións, precisa o a 13 do RD 774/2002) esgota a vía administrativa e será impugnabile directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

SELECCIÓN NAS UNIVERSIDADES

A LOU regula o procedemento selectivo nas universidades nos seus aa. 63 a 65 e 66.2, referido este último ás reclamacións contra as propostas das Comisións de Concursos.

É nesta segunda fase, da que deriva a adquisición da condición de funcionario de carreira do corpo do que se trate.

O a. 63 comeza falando de que os concursos de acceso serán convocados polas propias Universidades Públicas coa condición de que as prazas que vaian ser obxecto de concurso atópanse dotadas no estado de gastos do presuposto da Universidade e a previa comunicación á Secretaría Xeral do Consello de Coordinación Universitaria das citadas prazas a efectos de posibilita-lo procedemento de habilitación que acabamos de describir.

O RD. 774/2002 especifica aspectos temporais do concurso como a publicación do concurso pola Universidade a partires dos 15 días seguintes ó da convocatoria das probas de habilitación do BOE e, atención, baixo unha confusa dicción, “convocatoria de la plaza” hase entender celebración das probas- dentro dos 20 días seguintes á publicación no BOE da relación de candidatos habilitados.

Convocatoria. Faise pola Universidade da que se trate, publicándose no B.O.E. e no D.O. da Comunidade Autónoma. Segundo o RD 774/2002, a convocatoria indicará o prazo de presentación de solicitudes.

Ó abeiro do 63.2 da LOU, ós efectos de obter unha praza na Universidade, poderán participar nos concursos, xunto ós habilitados para o corpo de que se trate, os funcionarios do devandito corpo e dos corpos docentes universitarios de iguais ou superiores categorías, sexa cal fose a súa situación administrativa, é dicir, tanto os habilitados na derradeira convocatoria como nas anteriores que aínda non obtiveron praza no concurso dunha Universidade, e os que xa

pertencían ós Corpos docentes con anterioridade á implantación do sistema de habilitación que teñan igual ou superior categoría á do Corpo de que se trate.

Sobre a convocatoria establece o a. 14.1 do Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, aprobado na sesión do Claustro Universitario de 14 de xuño de 2005:

“O profesorado universitario funcionario pertencente aos corpos docentes nacionais de catedráticos/as e de profesorado titular de universidade e escola universitaria será seleccionado por iniciativa da Universidade de Vigo mediante concurso de acceso convocado polo reitor, tras a aprobación do Consello de Goberno, ...”

Sobre a Comisión Xulgadora: neste caso a LOU remítese á autonomía das Universidades, establecendo como necesario que os profesores teñan plena competencia docente e investigadora, polo que poden formar parte tanto persoal docente funcionario como persoal laboral, aínda que no caso de formar parte dos Corpos Docentes Universitarios, contarán cos mesmos requisitos de cualificación que xa vimos para os membros das Comisións de Habilitación e asemade, ó abeiro do RD 774/2002, a súa categoría funcional hai ser igual, equivalente ou superior á praza obxecto do concurso.

Antes de entrar a falar da normativa Estatutaria sobre a Composición destas Comisións, sorprende que a D.A. VI do R.D. 774/2002 estableza como supletoria a regulación autonómica sobre órganos colexiados, por enriba da normativa universitaria.

Pois ben, sobre a composición da Comisión de Selección na Universidade de Vigo, establece o a. 83.4 dos seus Estatutos:

“As comisións de selección serán aprobadas polo Consello de Goberno a proposta dos departamentos e estarán compostas por 5 membros pertencentes aos corpos de funcionarios docentes da área de coñecemento dentro ou fóra da universidade ou, no seu defecto, de áreas afíns, todos eles cos méritos investigadores recollidos na lexislación vixente e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso.”

Regras do concurso para a adxudicación de prazas: De novo dásele pola LOU máxima autonomía ás Universidades sempre que se garantan a igaldade de oportunidades dos candidatos e o respecto ós principios de mérito e capacidade, así como que as Universidades fagan públicos os criterios para a adxudicación das prazas. Consonte o disposto no a. 14.5 do Regulamento de Profesorado desta Universidade:

“O Consello de Goberno da Universidade de Vigo regulará o procedemento para a convocatoria dos concursos aos que fai referencia o punto 1 do presente artigo mediante unha normativa reguladora dos concursos de acceso entre habilitados/as.”

Resolución do concurso: a Comisión de selección propondrá ó Reitor motivadamente e de xeito vinculante unha relación de tódolos candidatos por orde de preferencia. A relación de tódolos candidatos é necesaria porque tralo procedemento de habilitación, é posible que os habilitados tiveran concorrido a concursos de diversas Universidades e teñan que renunciar a algunha das prazas que obtiveron.

Sobre este aspecto concreta o R.D. 774/2002 que si o candidato nomeado non presenta a documentación requirida no prazo de 20 días ó de concluí-la actuación da Comisión, o Reitor deberá nomear ó seguinte concursante en orde de valoración formulado pola Comisión.

De tódolos xeitos, consonte o a. 63. 1 da LOU, no prazo máximo de dous anos dende a comunicación á que se refire o parágrafo anterior, e unha vez celebradas correspondentes probas de habilitación, a praza deberá proveerse en todo caso, sempre que haxa concursantes á mesma.

Reclamacións: Contra a proposta motivada e vinculante da Comisión do Concurso de Acceso, os concursantes poderán formular reclamación perante o Reitor. A admisión da reclamación polo Reitor ten efectos suspensivos dos nomeamentos que debe facer o Rector propostos pola devandita Comisión. A Comisión de Reclamacións estará formada por sete Catedráticos de Universidade de diversas áreas de coñecemento “con ampla experiencia docente e investigadora”, designados na forma que establezan os Estatutos da Universidade, que no caso da de Vigo, establecen no seu a. 78:

“Créase a Comisión de Reclamacións da Universidade de Vigo, composta polo reitor, que a preside, e seis catedráticos da Universidade de Vigo de diversas áreas de coñecemento, elixidos polo Claustro, entre quen acrediten ampla experiencia docente e investigadora.”

A Comisión valorará a reclamación presentada, velando polas garantías de igaldade, mérito e capacidade, nos termos da Lei, dentro dos termos establecidos no a. 18 do R.D. 774/2002, é dicir, o cumprimento dos aspectos meramente procedimentais. No prazo de tres meses deberá ratificar ou non a proposta da Comisión de Selección.

No caso de non ratificala proposta inicial retrotraerase o expediente e formularase nova proposta pola Comisión de Selección.

As resolucións do Reitor sobre a admisión da reclamación ou sobre a ratificación ou non da proposta reclamada (o Reitor queda neste punto vinculado pola

resolución da Comisión de Reclamacións, ó abeiro do a. 19 do R.D. 774/2002) agota a vía administrativa.

Nomeamentos: Feita a proposta pola Comisión de Concursos ou ratificada no caso de reclamación, o Reitor efectuará os correspondentes nomeamentos, que non poderán exceder en número ó das prazas convocadas e serán publicados no B.O.E e no D.O. da Comunidade Autónoma ademais de seren comunicados ó Consello de Coordinación Universitaria e inscritos no correspondente Rexistro de Persoal.

Os candidatos que superen as probas de selección terán a consideración de funcionarios adscritos á Universidade a efectos da súa relación de servizo (a. 83. 4 dos Estatutos da Universidade de Vigo).

Por último establece a LOU no parágrafo segundo do seu a. 65 que *“La plaza obtenida tras el concurso de acceso a que se refiere el artículo 63 deberá desempeñarse durante al menos dos años antes de participar en un nuevo concurso a efectos de obtener plaza en otra Universidad”*.

CONTRATACIÓN DE PROFESORADO NA UNIVERSIDAD

Xa tivemos ocasión de recoller no primeiro epígrafe as figuras de Persoal Docente e Investigador Contratado e corresponde agora estudia-lo seu procedemento de Contratación.

A LOU límitase a establecer uns principios xerais de contratación e algunha especificación en relación con algunha das figuras contractuais que regula, así, no seu a. 48:

“1. En los términos de la presente Ley y en el marco de sus competencias, las Comunidades Autónomas establecerán el régimen del personal docente e

investigador contratado de las Universidades. Éstas, podrán contratar, en régimen laboral, personal docente e investigador entre las figuras siguientes: ayudante, profesor ayudante doctor, profesor colaborador, profesor contratado doctor, profesor asociado y profesor visitante.

El número total del personal docente e investigador contratado no podrá superar el 49 % del total del personal docente e investigador de la Universidad.

2. La contratación de personal docente e investigador se hará mediante concursos públicos, a los que se les dará la necesaria publicidad y cuya convocatoria será comunicada con suficiente antelación al Consejo de Coordinación Universitaria para su difusión en todas las Universidades. La selección se efectuará con respeto a los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad. Se considerará mérito preferente estar habilitado para participar en los concursos de acceso a que se refiere el artículo 63.

3. Las Universidades podrán contratar para obra o servicio determinado a personal docente, personal investigador, personal técnico u otro personal, para el desarrollo de proyectos concretos de investigación científica o técnica.”

No Decreto da Xunta 266/2002 sobre Contratación do Profesorado establécese como limiar da contratación no seu art. 3.

“1.- O número total de persoal docente e investigador contratado non poderá superar o corenta e nove por cento do total de persoal docente e investigador da universidade.

2. O número de prazas de profesores asociados que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias non será tomado en consideración para os efectos da porcentaxe que establece o punto anterior, mais si as de axudantes e profesores axudantes doutores.”

E no Título III como Disposicións Comúns

“Artigo 11º.-Relacións de postos de traballo.

1. As universidades públicas de Galicia establecerán anualmente, no estado de gastos dos seus orzamentos, as relacións de postos de traballo do seu profesorado, nas que constarán, debidamente clasificadas, todas as prazas de profesorado, incluíndo as de persoal docente e investigador contratado a que se refire o presente decreto.

2. Estas relacións deberán axustarse, en todo caso, ao disposto no artigo 3º do presente decreto.

Artigo 12º.-Convocatorias de concursos.

As universidades realizarán as convocatorias de concursos de axudantes e profesores axudantes doutores, colaboradores, contratados doutores, asociados e visitantes, sempre que as prazas estiveren dotadas no estado de gastos dos seus orzamentos, dándolles a necesaria publicidade e comunicándollela con suficiente antelación para a súa difusión ao Consello de Coordinación Universitaria e ao Consello Galego de Universidades.

Artigo 13º.-Procedemento de selección.

1. Para poder presentarse a concursos de axudantes e profesores axudantes doutores, colaboradores, contratados doutores, asociados e visitantes, as persoas aspirantes deberán acreditar o cumprimento de todos os requisitos previos, relativos a estudos, titulacións, informes, avaliacións ou experiencia profesional e, se for o caso, antigüidade, a que se refiren a Lei orgánica de universidades e o presente decreto, sen que caiba ningunha discriminación por razón de nacionalidade nos termos establecidos pola propia Lei orgánica de universidades.

2. As comisións de selección estarán formadas por cinco profesores designados pola universidade convocante entre os profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada, de conformidade co disposto nos seus respectivos estatutos.

A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente estar habilitado para participar nos concursos a que se refire o artigo 63 da Lei orgánica de universidades.

As universidades farán pública a composición das comisións de selección, así como as probas que, se for o caso, deberán superar os candidatos.

Artigo 14º.-Natureza dos contratos e lexislación aplicable.

Todos os contratos a que se refire este decreto terán natureza laboral, e rexeranse pola normativa laboral, sen prexuízo do disposto na Lei orgánica de universidades, neste decreto, e nos estatutos das universidades.”

Especificacións no regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, no seu a. 16

“2. As comisións de selección do persoal docente contratado da Universidade de Vigo serán aprobadas polo Consello de Goberno por proposta dos departamentos, e estarán compostas por cinco membros da área de coñecemento ou, no seu defecto, de áreas afíns e de categoría igual ou superior á praza obxecto do concurso.

3. O Consello de Goberno da Universidade de Vigo regulará os concursos aos que fai referencia o punto 1 do presente artigo mediante unha normativa reguladora dos concursos para a provisión de prazas de persoal docente contratado.

4. A dita normativa incluírá o procedemento para a cobertura de docencia vacante por trámite de urxencia.”

As "Normas de Organización Docente e de Contratación de Profesorado" foron aprobadas pola Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, na súa sesión do día 3 de marzo de 2000, e modificada na Xunta de Goberno do 8 de marzo de 2001.

Especialidades respecto a determinadas figuras docentes contratadas na universidade:

A. 6 do Regulamento de Profesorado da Universidade: O profesorado colaborador será contratado por concurso-oposición e o contratado-doutor por concurso de acceso (a. 7).

A contratación do profesorado visitante será acordada polo Consello de Goberno a proposta dun departamento acompañada dun informe sobre a actividade e méritos do profesor/a. A do emérito, a proposta do departamento e acordada polo consello de Goberno.